

[Juan Cavestany, Julián Génisson, Pablo Hernando, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 13.05.2016 | v.o. | +12

FICHA TÉCNICA

Esa sensación (2015, 80')

Dirección: Juan Cavestany, Julián Génisson, Pablo Hernando

Guión: Juan Cavestany, Julián Génisson, Pablo Hernando

Reparto: Lorena Iglesias, Vito Sanz, Jorge Suquet, Miquel Insua, David Pareja, Pietro Olivera, Bárbara Santa Cruz, Juanan Lumbreras, José Luis Alcobendas, Carmela Lloret

Montaxe: Raúl de Torres

Música: Aaron Rux

Distribuidora: Márgenes distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FESTIVALS

Seccións oficiais: BAFICI 2016 —Vanguardia e Xénero—, Málaga 2016, Cinema d'Autor de Barcelona 2016, Rotterdam 2016

FILMOGRAFÍAS

Juan Cavestany

Gente en sitios, 2013

El señor, 2012

Dispongo de barcos, 2012

El amigo de la familia, 2006

Julián Génisson

La tumba de Bruce Lee, 2013

[con Lorena Iglesias & Aaron Lux]

Pablo Hernando

Berserker, 2015

Magia, 2013

[curtametraxe]

Cabás, 2012

Agustín del futuro, 2011

[curtametraxe]

SINOPSE

Tres historias cruzadas sobre o amor, a fe e a vontade. Un virus leva á xente a dicir cousas sen querer e un home espía a seu pai polas rúas, mentres unha muller relaciónase apaixonadamente con obxectos da cidade.

«Cavestany debuxa un terreo completamente novo tan terrorífico, trémulo e ilusionante como o primeiro paso dun bebé. Todo é vertixe. Sen dúbida, do mellor dun ano que non fixo máis ca comezar»

Luis Martínez. EL MUNDO



«É un drama con chistes»

Entrevista a Juan Cavestany,
Julián Génisson e Pablo Hernando
por Denisse Lozano

¿Como xorde a idea de traballardes xuntos?

Juan Cavestany: Fixeramos algunhas colaboracións e unha certa afinidade levounos a pensar que estaría ben facer un proxecto conxunto. Primeiro xurdiu a intención de facer un filme de tres, cando Pablo nos mandou un documental sobre mulleres que se namoran de obxectos. Pareceunos unha escusa moi boa para poñer como primeiro argumento do filme. Foi dicilo e facelo, non había unha tese, non había ninguén a agardar este filme e se cadra por iso o fixemos sen presión e con tranquilidade. Tardamos dous ou tres meses en rodalo e producímolos nós mesmos, sen diñeiro. Cada un encargábase da rodaxe da súa parte e, cando era posíbel, axudábase entre nós. Foi unha combinación de independencia e certo espírito de colaboración.

Xa desde o tráiler advertides: «Non teñades medo, só son sensacións». Que queriades transmitir con este filme?

Julián Génisson: Eu teño a miña teoría. A da frecha baleira. Realmente en ningún momento houbo un punto de partida, un exercicio de «a ver que contamos e cara a onde nos leva». As tres historias rodáronse e concibíronse de maneira independente. Logo ao montalas, téndoas visto e repousado, decatámonos de que había temas en común. De feito o título, que xorde a posteriori, reflicte algo que nós seguramente racionalizáramos, unha tendencia a explorar eses momentos, situacións, cambios que interveñen na túa vida e sabes que os estás a sentir pero non hai un contido, nada definido. Iso crea unha incomodidade, un baleiro que vai absorbendo o que tes ao teu redor. É a frecha dos créditos que sinala, pero non hai nada. Saen persoas que non teñen nada en común agás falar dunha especie de sensación de liberación, pensan «aquí debiera haber alguén que me diga o que teño que facer e non o hai» e daquela non saben que sentir nin como sentilo. Son xente tolleita, inválidos de guerra que

teñen que aprender a rehabilitarse na vida civil.

Credes que o filme podería enmarcarse na etiqueta do posthumor?

Pablo Hernando: Eu creo que non.
J.G.: Se cadra é un problema de márketing, do que se presupón que imos querer facer. Convencémonos de que era unha comedia e tendemos a vendela así. Porén, decatámonos axiña de que é máis un drama baseado en puntos de partida que son divertidos ou absurdos, pero que están tratados de tal forma que axiña te esqueces do aspecto sensacionalista e ficas co drama de como relacionarte con algo que non se corresponde co que fas. É ese xénero que é incómodo. Non é drama... É un drama con chistes.

J.C.: Todo é dramático na comedia, réxese por estruturas dramáticas. O posthumor é unha etiqueta, un ciclo de filmes dun determinado momento. Se falamos dunha comedia na que o humor é un pouco evasivo, difícil de sinalar, daquela si, tamén é un pouco iso. Pero non era a nosa intención contribuír máis a ese canon, se é que o hai.

Que importancia credes que ten internet neste tipo de proxectos?

J.C.: Habería dúas partes. Unha é internet como ferramenta de promoción. Para un filme grande é útil pero para un pequeno é unha ferramenta fundamental. Logo está internet como destino final do filme, onde hai plataformas que acollen un cinema que non ten un percorrido tan claro en salas. Evidentemente este filme irá a Filmin e esas plataformas, é o que hai.
J.G.: Nós non promocionamos a rodaxe en internet, fixémosla á marxe. Botámola ao mundo cando xa estaba feita, non tentamos seducir a ninguén.

Rotterdam, BAFICI, Málaga, Barcelona... Como está a ser a vosa experiencia en festivais?

J.G.: Realmente a min o que máis me gustou foi que moita xente logo de vela, sen saber se lle tiña gustado ou se tiña un sentido, comezaba a contar vivencias íntimas, experiencias do paranormal, sensacións que lles tiña suxerido. Estaban imantados polo filme que viñan de ver e tiñan que dicir algo. Iso foi marabilloso.

Publicado por cinemadautor.cat
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Los máchez. Juan Cavestany
Inaem, 2014

Nada tras la puerta. Juan Cavestany
Inaem, 2013

Urtain. Juan Cavestany
Ministerio de Cultura, 2008

Gente en sitios. Juan Cavestany
Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org